



n° 15

dl vg 81-2013

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a sanidade?	Redacción.	4
Race en Vigo a Rede de Solidariedade Popular.	Rede de Solidariedade Popular de Vigo.	6
A medicalización da vida.	Anxeles B. F.	7
O enrarecemento dos bens públicos e comúns no chamado Barrio do Cura.	Uxío Reinoso Maset.	8
A toxicidade da vaixela de plástico nos comedores escolares.	César Lema Costas.	10
Trucados polo teimudo carneiro do sistema.	Cruz Martínez.	12
Morre Eugenio García Serrano, Gaviuto, na cárcere d'A Lama	Gárcere = Tortura	14
Portada e Almanaque	Ratart	

0.50€ n.º 15
Xuño-2014
COLABORA CONNOSCO!

aboia.info
revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
200 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

RECÍCLAME!

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Gondomar), Casa Colorida (Rigrán), CS Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), CS Lume (Galvario), Galería Jazz (Vigo), Café Bar A Pola (Vigo), Liceo Mutante (Pontevedra), Choco Bar (Vigo), Cantina Candela (Vigo)

EDITORIAL

Vivimos tempos históricos, de crise, de cambio profundo: vivimos unha revolución. Desgraciadamente non se trata da revolución triunfal e emancipadora que desexaríamos, a que vivimos é silente e letal, toca nos fundamentos da nosa sociedade. **Quizais esteamos a vivir o fin do progreso humano tal e como foi concibido.**

Proba é o que está acontecendo coas estadísticas. O resultado de certas estadísticas que viñamos cumplimentando positivamente dende fai xeracións xa non son as desexables; incluso comezan a ser intranscendentes socialmente, mesmo absurdas. Por exemplo, as estadísticas do desemprego están perdendo valor; no comezo do 2014 diminuíu a taxa de paro, pero tamén o número de persoas con emprego e as horas de traballo; co cal, e áinda que o goberno insista en sacar unha lectura positiva, a cidadanía xa non atopa estas estadísticas de fiar.

Outra estadística que se está a quebrar é a da esperanza de vida no Estado español. Entre 2010 e 2012 a esperanza de vida das mulleres estancouse nos 85'5 anos, mentres que a dos homes apenas medrou dos 79'2 aos 79'5¹, e incluso semella, dependendo das fontes, que puido diminuir², algo que non acontecía dende a Guerra Civil. Estes datos agrávanse se se ten en conta outra estadística relacionada, a da "esperanza de vida en boa saúde", que xa claramente baixou entre o 2011 e o 2012 (os homes pasaron de ter 65,4 a ter 64,7 anos de boa saúde)³.

As causas desta quebra son múltiples, pero as principais son o aumento da pobreza e o deterioro da sanidade do Estado español. Tal e como sinala un informe de Médicos do Mundo⁴,

a contrarreforma sanitaria excluíu a boa parte da cidadanía. Milleiros de persoas migrantes foron expulsadas do sistema sanitario, mentres que o repago farmacéutico dificulta, ou incluso impide, o tratamento das persoas enfermas coas rendas más baixas. Ademais os custos da privatización da sanidade pública supoñen unha perda de eficiencia do sistema: os recursos financeiros son desviados dende as cuestións sanitarias cara as empresariais, coaxudando no deterioro dos servizos de prevención e atención médica, e na diminución da investigación. Esta contrarrevolución ten graves consecuencias en todos os ámbitos, dende as persoas enfermas e a súa familia (que non só teñen que padecer senón tamén, con "sorte", enfrentarse a un difícil sistema mercantil e burocratizado) ata o conxunto da humanidade, xa que estas condicións precarias e excluíntes favorecen a aparición e propagación de enfermidades e o agravamento das súas consecuencias.

Tras xeracións de loita e sufrimento, á clase traballadora xa non lle queda nin aquel consolo, antigamente proxectado polas estadísticas, de que polo menos haberá unha boa, longa e saudable xubilación. Axiña, os políticos deixarán de manexar estas e outras estadísticas.

Nós, entre tanto seguiremos loitando pola sanidade pública, gratuita e de calidade.

1 Datos do Instituto Español de Estadística.

2 Segundo a Memoria Socieconómica e Laboral 2012 do Consello Económico e Social, entre 2011 e 2012 a esperanza de vida das mulleres pasou do 84,97 a 84,72 anos e a dos homes de 79,16 a 79,01.

3 Datos do Instituto Español de Estadística.

4 "Dous anos de reforma sanitaria: máis vidas humanas en risco"

QUE É A SANIDADE?

Redacción.

A sanidade é o conxunto de bens e servizos que se empregan para protexer e preservar a saúde das persoas.

QUE É A SAÚDE?

Dereito humano básico, inalienable e inexcusable no tempo do que debe gozar cada persoa no grao máximo. Este dereito establece que cada persoa debería ter acceso a unha atención sanitaria oportuna, aceptable, asequible e de calidade satisfactoria. O concepto de saúde non implica tan só unha ausencia de dolencias e enfermidades, senón, e sobre todo, un benestar físico e emocional.

"A extensión da cobertura sanitaria ás clases populares foi provocada polo puxante movemento obreiro"

À LOITA POLA SAÚDE

A mellora da saúde do conxunto da poboación, debeuse á creación da cobertura sanitaria para as clases populares.

Xa dende as últimas décadas do S XIX, nas principais economías do momento (Alemania e Reino Unido), comezou a garantirse unha certa atención sanitaria á poboación traballadora. Isto foi provocado pola puxante organización revolucionaria do movemento obreiro, e tamén porque os capitalistas entenderon que unha man de obra enferma e mal alimentada difícilmente podería satisfacer as esixencias productivas do momento.

Tralo Crack do 29, os EUA desenvolveron o "New deal", co que se garantía a cobertura sanitaria, unha pensión de

xubilación digna, a reducción da xornada laboral a oito horas, etc... Esta política deu orixe a creación do chamado "Estado do benestar" e durou ata a crise de finais dos anos 70

A subida ó poder de Margaret Thatcher no Reino Unido en 1979 e a de Ronald Reagan nos EUA en 1980 significou o auxe do neoliberalismo, ideoloxía que pon os beneficios económicos, porriba dos dereitos e liberdades das persoas e dos pobos. As políticas neoliberais non só se implementaron neses países, se non que tamén, significou o debilitamento das cadeas da solidariedade a nivel nacional e internacional. O Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial e a Organización Mundial do Comercio, comezaron a controlar os distintos países subdesenvolvidos, obligándolos, entre outras cousas, a paralizar o desenrollo de sistemas de sanidade pública e á privatización das existentes.



Martin Luther King Jr.

"De todas as formas de desigualdade, a inxustiza na atención sanitaria é a mais espantosa e inhumana".

A REALIDADE FRONTE AS FALACIAS DO REOLIBERALISMO

En realidade as políticas neoliberais o que procuran e convertir os servizos públicos nun novo mercado, e que así as empresas privadas podan meter man nun importante volume de fondos de natureza pública.

Os impostos especiais na sanidade, os copagos e as taxas sanitarias introducidas no estado español nos últimos anos implican un acceso desigual á sanidade, segundo o seu nivel socio-económico da xente.

"Diversos estudos amosan que o sistema sanitario público é menos custoso e más eficiente que o sistema mixto ou o maioritariamente privado"

Diversos estudos amosan que o sistema sanitario público é menos custoso e más eficiente que o sistema mixto ou o maioritariamente privado. Por unha banda a introducción do lucro nos sistemas de protección pública implica o incremento dos gastos e a corrupción dos cargos; ademáis como a cobertura e a calidade sanitaria minguan a saúde do pobo empeora, obrigando en moitos casos a tramentos de emergencia, más caros e menos satisfactorios.

COMO É A PRIVATIZACIÓN DA SANIDADE?

No estado español a universalización do dereito á atención sanitaria fixouse a través da Lei Xeral de Sanidade de 1986, mais ó pouco de publicarse comezou a recibir ataques, entre eles destacan:

- O "Informe Abril", do 1990, que propuña medidas como o establecemento de copagos, a empresarización da provisión sanitaria, o fortalecemento do papel das aseguradoras e a laboralización do persoal sanitario.

- O Real Decreto 16/2012, levou ao cabo a maior parte das medidas do Informe Abril. Impulsando as privatizacíons en todas as comunidades do Estado Español, así, por na de Madrid, privatizaríanse 6 hospitais e 27 centros de saúde, en Catalunya 18 e 46, e en Castilla- La Mancha 4 hospitais.

Na Galiza, dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 foise eliminando progresivamente o dereito á atención sanitaria universal pública, gratuíta e de calidade, mediante:

- O desmantelamento e privatización do Sistema Público de Saúde Galego.
- A introdución do copago polos servizos.
- O "Plan 2011-2014" para a construción de infrestruturas sanitarias a traves de concertos deixa sen cartos suficientes para os gastos correntes da sanidade pública.



Foto: Imágenes en acción

E TI... QUE PODES FAZER?

Infórmate sobre o que está acontecendo coa sanidade pública. Pide que cambien as normas que non respecten os principios da sanidade pública e fai un uso responsable da mesma. Únete as mobilizacíons e iniciativas que loiten pola sanidade pública, universal, a accesible e equitativa. Infórmate dos teus dereitos e deféndeos con toda a túa forza.

NACE EN VIGO A REDE DE SOLIDARIEDADE POPULAR

Rede de Solidariedade Popular de Vigo

Dende que en 2008 estoupara a "crise económica", instauráronse en todo o territorio do estado español políticas de austeridade que se traduciron nun aumento do desemprego e da poboación en risco de exclusión, na perda de poder adquisitivo, no incremento dos suicidios, na instauración da precariedade como forma de vida... En definitiva: miseria e sufrimento para unha gran parte do pobo.

A resistencia a estas políticas non está producindo avances significativos na mellora das condicións de vida das persoas traballadoras, ó contrario séguense producindo reformas que aumentan a desigualdade. A pregunta impõe: como nos defendemos fronte ós ataques e a perda de dereitos? É suficiente a mobilización? Como resolvemos as necesidades das traballadoras?

"É preciso organizar a solidariedade das capas populares; recuperando a nosa dignidade, os nosos dereitos e satisfacer as nosas necesidades."

É preciso organizar a solidariedade da clase traballadora e as capas populares; recuperando a nosa dignidade, os nosos dereitos e satisfacer as nosas necesidades.

Como activistas de esquerda, que coñecemos a situación actual, o calote da crise, os recortes e austericidio que estamos padecendo, sentimos a obriga de reaccionar e organizarnos. É así como un grupo de voluntarios da esquerda de Vigo e bisbarra puxemos en marcha a Rede de Solidariedade Popular (RSP).

Na RSP de Vigo, que se articula en grupos de acción comunitaria adaptados ás

necesidades de cada barrio, queremos contar coa axuda de todas vos nesta labor de autoorganización e creación de alianzas fortes entre persoas dende a xustiza social e a equidade, para acadar os seguintes obxectivos:

- Un roupeiro social.
- Un banco de alimentos e medicamentos.
- Intercambio de material escolar e clases de reforzo para crianças.
- Unha horta comunitaria
- Un departamento de información laboral e xurídica.

A RSP ten un alirce fundamental e imprescindible, que é a súa ideoloxía política de esquerda. É importante decir esto, a diferencia da caridade que é vertical e denigrante e non busca solucións concretas a problemas concretos, a solidariedade exerce se de forma horizontal como unha colaboración entre iguais: eu dou...eu recibo.

Temos que canalizar a rabia e a indignación e volvelo algo positivo para solventar as situacions actuais dende a solidaridade.



UNAMOS FORZAS E LOITEMOS XUNTOS

<http://www.reddesolidaridadpopular.org/>

A MEDICALIZACIÓN DA VIDA.

Ánxoles B. F.

"É unha característica desta sociedade que a xente desexe ser ensinada, movida, tratada ou guiada en lugar de aprender, curar e atopar o seu propio camiño"

I. Illich

Non hai dúbida do valor dos grandes adiantos na medicina, que salvan moitas vidas. Pero...

A "medicalización" da vida, nas sociedades que chaman "desenvolvidas" é tan excesiva e industrializada que nos afasta de nós mesmas dende o nacemento, xeralmente nun hospital, até a morte, no mesmo sitio.

A enfermidade como desarranxo que equilibra, e moitas veces como proceso que se resolve por si mesmo unha vez escoitado o corpo e tralo tempo preciso, é tratada e capitalizada polo sistema, resolta artificiosamente, moitas veces sen necesidade, con mediciñas que encobren a doença e anulan a propia capacidade de curación.



O meu corpo é meu. Decidín parir na casa. O sistema négame a opción. Os médicos aos que acudín para levar cun mínimo de control os meus embarazos, desbotando probas que eu consideraba innecesarias, chegaron ao insulto persoal, a acusarme

de ignorancia, irresponsabilidade e más..., pero segúin adiante. Foron partos felices, rodeados da familia, sen artifícios nin presas. Moi diferentes aos que me contaron outras nais que pariron no hospital. As más por cesárea.

"As estratexias médicas fracasan porque concentran demasiados esforzos na enfermidade e moi escasos en cambiar o ambiente que enferma á xente"

Iván Illich, no seu libro Némesis médica, escribe: "A medicalización da vida non é senón un só aspecto do dominio destrutor da industria sobre a nosa sociedade... as estratexias médicas fracasan porque concentran demasiados esforzos na enfermidade e moi escasos en cambiar o ambiente que enferma á xente".

Gástanse millóns de euros na investigación de curas para os grandes males. Pola contra non se vai á procura da súa orixe. A prevención falséase por interese do propio sistema. A contaminación da auga, dos alimentos e do aire que respiramos, o moderno stres e a educación da sociedade no medo. A capitalización do noso tempo, sempre no urxente, na mecanización, na plastificación do noso mundo, o individualismo, a competitividade...

A sanidade ampara ademáis o gran negocio da industria farmacéutica: medicamentos que se receitan a toneladas para unha sociedade enferma e dependente, física e mentalmente. O Ministerio de Sanidade confirma que o número de persoas en España que toman ansiolíticos ou antidepresivos pasou do 5,1% no 2005 ao 11,4 % no 2011. A OCU sinala que no 2013 son xa o 29% da poboación.

O ENRARECIMENTO DOS BENS PÚBLICOS E COMÚNS NO CHAMADO BARRIO DO CURA

Uxío Reinoso Maset

Estes días lemos na prensa do sistema que o proxecto de especulación urbanística no chamado "Barrio do Cura" é de inminente realización. Aprobados todos os requerimentos administrativos, o proxecto só depende dunha achega de capital por parte dun/s magnate/s ruso/s indeterminado/s.

Sería esta a consecución dun golpe urbanístico artellado dende fai 15 anos por un singular grupo de especuladores: a "Congregación de Hermanitas de los Ancianos Desamparados", o Concello de Vigo (gobiernos do BNG, PP e PSOE), ex-fubolistas do Celta (Valery Karpin e Michel Salgado), a Banca (Santander, ING e BBVA), promotores inmobiliarios galegos e ese/s misterioso/s magnate/s ruso/s de non se sabe que actividade/s.

A estratexia do sistema é ben clara. Por unha parte "A operación no Barrio do Cura" é presentada dun xeito moi favorable á opinión pública "(xa que) vai moito máis alá da construción de 350 viviendas, xa que inclúe unha nova ordenación de todo o ámbito, a ampliación da superficie do Paseo de Alfonso ata duplicalo, e a creación de parques e prazas, ademais dun vial que conectará Elduayen con Torrecedeira (...) e un centro comercial de 12.000 m² que tamén se extende baixo a praza pública de 5.000 m²"¹; mentres que se manten á cidadanía desinformada sobre do que houbo e ainda hai na parte sur do Casco Vello.

Así, os medios do sistema nunca falan dos múltiples procesos (legais, ilegais e alegais) de enaxenación, limitación, destrucción, deterioro e abandono dos diferente tipo de propiedade pública e bens e servizos comúns que hai na "Área de Planeamento Remitido Barrio do Cura"(APRBC)²

"É evidente que o proxecto de Karpin implica unha fonda alteración do conxunto histórico do Casco Vello. Estase a infrinxir a lei de Patrimonio Cultural "

- **Atentado contra o Patrimonio Cultural galego.** A maior parte da APRBC pertence ao Ben de Interese Cultural (BIC) "Conxunto histórico-artístico do Casco Vello de Vigo". Por moito que diga a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, é evidente que a consecución do proxecto de Karpin significaría unha fonda alteración e destrucción da "estructura urbana e arquitectónica do conxunto histórico e as características xerais do ambiente e da silueta paisaxística"³, desta parte sustancial do BIC Casco Vello.

- As pervivencias da antiga horta e bosque do Convento de San Francisco do Berbés (orixinados na Idade Media), desaparecerán, xalonados polas novas edificacións e a estrada.
- O mesmo edificio do Convento (do s. XVII, un dos edificios más antigos de Vigo) verase asoballado polas novas construccóns. Ate incluso vaise erixir un edificio de 4 plantas no seu patio traseiro.
- O lavadoiro da Barroca (o único do Casco Vello e de todo o centro de Vigo) verase fondamente perturbado pola estrada que pasará a súa mesmiña beira.
- A totalidade da barriada de Santa Marta, as casas vilegas do extremo sur de Poboadores e boa parte do Barrio do Cura (do s. XIX) desaparecerán.
- As rúa Poboadores (orixinaria do s.

XV) verá altamente alterada a súa vida polo transito de coches que traerá o vial Torrecedeira-Elduayen.

- Merma das equipacións urbanas:

- Desmantelamento do "Asilo dos ancianos desemparados". O convenio asinado entre Concello e as "Hermanitas" recalificou a parcela de 2.968 m² do Asilo de anciáns, pasando de ser "equipamento urbano" a ter un "aproveitamento lucrativo".
- A "Casa da Caridade de Vigo" perderá a cuarta parte da superficie da súa infraestructura. Trala demolición de parte do edificio e a totalidade do seu patio, farase un novo parque de propiedade privada e un edificio de 4 plantas.
- A "Residencia de estudiantes San Francisco de Asís", perderá o seu xardín de 1.075 m² para a construción de dous edificios de 5 plantas e un patio de uso e propiedade privada.

- Permutas enganosas da propiedade pública. Os especuladores fachandean de que na APRBC haberá máis 5.000 m² de espazos públicos; certo é, pero tamén hai que sinalar que 2.262 m² xa eran de propiedade pública anteriormente. Por exemplo no Convenio do Asilo, inclúese a cesión á propiedade privada de 255 m² da propiedade municipal correspondentes ao parque que está baixo o Paseo de Alfonso XII. Ese espazo elevarase ata a cota do Paseo. Os promotores poderán adicalo

volume baixo a praza a aparcamento. Este novo "espazo libre de uso público", ainda que de propiedade privada, será un magnífico "mirador" ao edificio de 4 plantas que está previsto erixir enfrente.

"Perderánse 8.000 m² de zona verde no centro de Vigo"

- Destrucción de bens naturais:

- O proxecto de Karpin significará a perda duns 8.000 m² de zona verde no que se atopan especies vexetais como nogeiras, loureiros, pessegueiros,... e é hábitat de gatos, paxaros, abellas e outros invertebrados. Este espazo tamén é aproveitado como terra de labranza por diferentes persoas e colectivos.
- As novas construccóns afectarán ao solo e subsolo, co cal é previsible que o acuífero que nutre o lavadoiro de Poboadores e fonte da Barroca desapareza para sempre.
- A apertura do novo vial supondrá que a Oliveira de Vigo, verase rodeada e abafada por ainda máis tráfico.

¹ Pastoriza, J. "Patrimonio da el permiso final al plan del Barrio do Cura y el Concello lo aprobará en dos semanas"; Faro de Vigo 20-4-14.

² Toda a información aqui exposta basease no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo, aprobación definitiva, decembro 2006

³ Art. 46.2 da Lei 8/1995, do Patrimonio Cultural de Galicia. A infracción está sancionada con ata 600.000 euros .



Foto de finais do s. XIX, onde se ve o bosque e horta do Convento de S. Francisco do Berbés.



XUÑO

						I Roteiro histórico-natural polas terras do Umiña, organizado pola AC BouEva saída de Vigo ás 10:30h
2	3	4	5	6 Charla "Experiencias de represión" á s 20:30, no Bou Eva	7 Xantar popular en prol da Protectora de Animais de Tui, á s 14:30 na Cova dos Ratos, 3'5 euros	8
9	10	11	12	13 "Exceso de conversación con gaviotas", á s 22 hrs., no Teatro Ensalle, entre 4,5 e 9 euros	14 Xantar popular en prol d'A Boia, á s 14:30 na Cova dos Ratos, 3'5 euro	15 "Exceso de conversación con gaviotas", á s 22 hrs., no Teatro Ensalle, entre 4,5 e 9 euros
16	17	18	19	20 "Gañaremos o pan co suor da túa fronte" á s 22 hrs., no Teatro Ensalle, entre 4,5 e 9 euros	21 Xantar popular en prol da Campaña Cárcere= Tortura, á s 14:30 na Cova dos Ratos, 3'5 euros	22 "Gañaremos o pan co suor da túa fronte" á s 22 hrs., no Teatro Ensalle, entre 4,5 e 9 euros
23	24	25	26	27 "Planificar la caída" á s 22 hrs., no Teatro Ensalle, entre 4,5 e 9 euros	28 Obradoiro de cociña vegana, dende as 10:30, na Cova dos Ratos, precisa preinscripción.	29 "Planificar la caída" á s 22 hrs., no Teatro Ensalle, entre 4,5 e 9 euros
30						

TOXICIDADE DA VAIXELA DE PLÁSTICO NOS COMEDORES ESCOLARES

César Lema Costas*

No comedor do colexio CEIP Souto Donas de Gondomar (Pontevedra), a empresa de catering "Ruta Jacobea" serve a comida ó alumnado directamente sobre bandexas de plástico con cinco compartimentos. Isto implica un risco totalmente innecesario para a saúde dos nenos, como explicamos a continuación.



En febreiro de 2013 deuse a coñecer un informe do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e da Organización Mundial da Saúde (OMS) que alerta de que moitas substancias químicas sintéticas (a maioría procedente dos plásticos) poderían ter importantes repercusións sobre a nosa saúde. O informe "State of the Science of Endocrine Disrupting Chemicals 2012 – Summary for Decision-Makers" analizou o estado actual dos coñecementos científicos sobre este tipo de substancias que perturban a función endocrina, e recoñece que os efectos sobre o noso sistema hormonal ainda son moi pouco coñecidos. O documento completo (289 páxs.) e a súa versión resumida (38) poden lerse e descargarse en inglés en formato PDF desde a web oficial da OMS¹.

"Os plásticos son 'disruptores endocrinos', e provocan enfermidades como o cancro, infertilidade, pubertade precoz, obesidade, diabetes, autismo, Parkinson..."

Estas substancias denominadas "disruptores endocrinos" presentes nos plásticos e noutras produtos industriais foron relacionados en diversas investigacións científicas cos seguintes problemas de saúde: cancro de mama, próstata, testículos e tiroides; infertilidade; pubertade precoz; diminución da calidade do seme; obesidade; diabetes; problemas cardiovasculares; perturbacións do desenvolvemento neurolóxico; alteracións da conduta como o trastorno de déficit de atención e hiperactividade, o autismo, etc.; enfermidades neurodegenerativas como o Parkinson (Tabla adxunta)

Ante esta información procedente dunha autoridade como a OMS, César —doutor en bioloxía e pai dunha nena que vai a este colexio— decidiu escribirille ao director do colexio, á ANPA, ao xerente da empresa de catering e ao alcalde de Gondomar, xa que a xestión do comedor escolar depende do Concello. Na súa carta César pedía que, ante esta inseguridade para os nenos e nenas, se aplicase o principio de precaución e cambiasen as bandexas do comedor pola tradicional louza, baseándose en que os plásticos en contacto coas comidas, debido á temperatura e diferentes sustancias contidas na propia comida e ao desgaste inherente ao seu uso, están a liberar con toda probabilidade pequenas cantidades destas perigosas substancias e mesmo fragmentos de plástico que son inxeridos

inadvertidamente polos pequenos, implicando un perigo para a súa saúde debido á súa acumulación no organismo.

"O concello e empresa responsable negáronse a cambiar as bandexas, din que 'cumpren todos os requisitos de sanidade'. Pero tamén o DDT e o amianto o foron "

A partir de aí, un grupo de nais e pais preocupados comezamos a reunirnos e instamos a que a empresa e o concello nos desen unha resposta. Eles negáronse a cambiar as bandexas de plástico porque segundo nos din "cumpren todos os requisitos de sanidade". Isto é certo, pero tamén o é que no seu día tamén o DDT era legal, ou o mesmo plástico policarbonato prohibido en 2011 nos biberóns dos bebés ou como o era o lindano, o amianto, a ptalidomida, o bromato de potasio, o flufenoxurón e unha lista que continúa ano tras ano a medrar, de aditivos e praguicidas que foron sendo retirados e prohibidos a medida que se vía que ocasionaban problemas innegables para a nosa saúde. Nós propuxémoslles diversas opcións

para substituír as bandexas con todas as garantías de sanidade e seguridade, mesmo correndo nós co gasto, pero seguen negándose en redondo.

Polo tanto decidimos fazer presión publicamente, mediante os medios de comunicación, as redessociais e difundindo o problema por outros centros escolares para que todos os pais e nais afectados por este perigo para os nosos fillos e fillas nos unamos nunha soa voz. Por iso pedimos a vosa colaboración e que fagades chegar esta carta apoiándonos ás institucións e á empresa responsables desta situación de risco. Isto axudará a que outros colexios e concellos sigan o exemplo e retiren os plásticos en contacto coa comida e bebida dos nenos. Para firmar a petición podedes ir a:

www.change.org/es/peticiones/fernando-guiti%C3%A1n-plasticomedoresnon-evita-que-os-nosos-filhos-coman-pl%C3%A1stico#


www.plasticomedores.wordpress.com

www.facebook.com/plasticomedoresNON

<https://twitter.com/plasticomedores>

¹www.who.int/ceh/publications/endocrine/en/index.html

Posibles enfermedades e disfuncions ao longo do tempo provenientes da exposición temperá aos Disruptores Endocrinos Químicos (DEQs)



TRUCADOS POLO TEIMUDO CARNEIRO DO SISTEMA

Cruz Martínez

Estamos todos os días na rúa. Pateámola coa esperta rabia, liberada no berro da impotencia, que choca nos cornos do teimudo carneiro do sistema.

"As mulleres volvemos a soportar a dura situación de ter que acatar leis retrógradas, saídas dunhas mentes enfermas, que se crean con dereito a mandar no teu corpo, na túa sexualidade e que che impiden actuar libremente para decidir abortar"

As mulleres volvemos a soportar a dura situación de ter que acatar leis retrógradas, saídas dunhas mentes enfermas, eclesiásticas, de comuñón diaria. Unhas persoas que se crean con dereito a mandar no teu corpo, na túa sexualidade e que che impiden ao mesmo tempo actuar libremente para decidir abortar. Este é o retroceso ao ano 1985 polo que o Sr. Ministro pretende mandar no útero das mulleres. Para el só somos máquinas de fecundación, e el é o todopoderoso, o salvador da «vida» outorgado ese don «por obra y gracia de la Santa Madre Iglesia» e dos seus adeptos más acérrimos OREMOS.

Falemos tamén daqueles que pechan hospitais, crean repago sanitario (vixente nalgúnha comunidade e servizos sanitarios, como dependencia: centros de día, ocupacionais, teleassistencia, xubilados, enfermos crónicos ...). Exclúen da sanidade a quen lles peta, e non teñen ningún reparo en saltarse unha lista de espera, por riba de pacientes realmente graves e de verdadeira urxencia. Implantan a consulta telefónica. Falarlle a

un médico por este dispositivo dos signos, dos síntomas, semella posibel mais non me parece factíbel que consiga dar co diagnóstico correcto da enfermidade. Un xuízo clínico nestas circunstancias cunha entrevista clínica dende a distancia, só coa retransmisión da voz, sen terte enfronte, sen verte. Coido que vai ser unha tarefa complicada. Quizais, dotando os centros de atención primaria con utensilios de adiviñación: bolas de cristal, péndulos, cartas de tarot...



Saír á rúa acotío estase a converter nun costume, nunha necesidade vital cada vez que xorde un novo ataque aos dereitos más básicos. Pretenden deixarnos sen a posibilidade dunha sanidade pública. Facer negocio a costa da saúde, dos usuarios é un acto de terrorismo. Mais a vara de medir deles e a do cidadán non é igual. Isto é algo que todos sabemos ben. E vémolo claro na maior parte dos procesos de corrupción, que alteran ainda más o equilibrio da equidade. Como o caso Nós, o feito de ser princesa, ou xenro de, fai que a xustiza mire para outro lado. «Con la Monarquía hemos topado».

Haberá que esperar á resolución para descubrir se a xustiza actuará coa mesma firmeza que con calquera outra persoa.

"Volvemos a pasos axigantados a unha sanidade para ricos e outra para pobres"

Volvemos a pasos axigantados a unha sanidade para ricos e outra para pobres. Esta realidade recórdame que cando eu tiña dezanove anos, operáronme de urxencia de apendicite. Como estaba fóra da protección da seguridade social dos meus pais, despois da operación miña nai tivo que ir ao concello, e pedir un certificado, para procurar a posibilidade de entrar por pobre. Ese trámite foi favorable e finalmente non houbo que pagar. Non estamos tan afastados desta situación. O tempo só é unha cuestión de reloxo, mais nada. O progreso é só unha palabra, sen significado real.

A cada instante, unha nova lei péganos de cheo na cara e transpórtanos a un tempo que semella ficar preso na involución. Vivimos baixo o dominio dunha autocracia, que estende o vao fedento dainxustiza cara os estamentos más febles da sociedade.

Mentres estas novas tecnoloxías da

miseria acaparan a totalidade dos centros de saúde, infinidade de persoas en idade de traballar incrementan áinda máis a lista do desemprego. E os que teñen a sorte de traballar, fano nunhas condicións lamentabeis. Todo vale para alimentar un réxime corrupto. Para que uns poucos privilexiados vivan a costa dos demás, dos que con tanto esforzo intentamos sobrevivir.

Deliberadamente arrastrámonos á indixencia. A ser individuos de segunda clase, servos dun amo: O capitalismo.

Pretenden converternos en seres sen voz, monicreques do seu guiñol. Amedrentarnos e amputarnos a vontade, para que fiquemos quedos. Mais non deberían subestimar o poder de reacción dos oprimidos. Finalmente o pobo será quen de fincar os pés nas gorxas do autócrata. Porque nun estado ditatorial, só nos queda optar pola rebelión. Chegados a este punto, cando todas as dilixencias non nos levan a unha solución xusta, cando contrariamente, observamos a diario unha reiterada vulneración dos dereitos más básicos, non nos queda outra que o enfrentamento, a guerra. Pois o malefício das tesoiras perséguenos inexorabelmente, coma os flashes intermitentes dunha esquizofrenia.



Foto: Galiza contrainfo

MORRE EUGENIO GARCÍA SERRANO, GAVIUTO, NA CÁRCERE D'A LAMA

Cárcere = Tortura

"Cerra as portas, vota o feche, carcereiro!"

Ata duro a ese home: non lle atarás a alma. Son moitas chaves, moitos feches, inxustizas: non lle atarás a alma"

Extraído da súa necroloxía

Dende o Grupo de Apoio Gz.Sur comunicamos a triste noticia de que Eugenio García Serrano, Gaviuto, finouno na Centro Penitenciario d'A Lama o 30 de abril de 2014, aos 48 anos de idade.

Nos seus 28 anos de encerro Gaviuto participou en numerosas loitas pola dignidade das persoas presas e contra o sistema carcerario. Como tantos outros coma el, foi trasladado continuamente de cadeas: Teixeiro, A Lama, Villabona, Topas... denunciando as torturas e abusos que acontecían alí onde estaba e axudando a cantos compañeiros puido.

Gaviuto, que xa estivera na loita contra os FIES2, participaba actualmente na campaña contra as torturas e malos tratos 'Cárcere=Tortura'

A súa morte, como a recente de Gorka, ou



as de Tarrio, Ortiz, Heras e tantas outras presas, non pode quedar impune. Eugenio non tería calado ante a morte de ningún compañeiro, tampouco o faremos nós.

Para falar da morte de Eugenio temos que falar de illamento, tortura física e psicolóxica, malos tratos e complicidada institucional, xudicial, médica e do persoal; da drogadicción legal inducida, trasladados continuados, regresións de grao inxustificadas, dispersión, insultos, humillacións, mentiras, presión psicolóxica, censura, represión ...

"Gaviuto recentemente sufriu no cárcere múltiples manobras que buscaban provocar a súa inestabilidade psicolóxica. Pese a isto el sempre se mantivo integro, cunha clara intención de continuar denunciando, todos os abusos que el ou calquera presa sufrían"

Gaviuto recentemente sufriu no cárcere d'A Lama múltiples manobras que buscaban provocar a súa inestabilidade psicolóxica. Pese a isto el sempre se mantivo integro, mostrando unha elevada capacidade de análise político e social así como unha clara intención de continuar denunciando, todos os abusos que el ou calquera presa sufrían. El mesmo denunciaba a principios de ano:

"Cando me levaron a Illamiento nin sequera sabía que ía para alí (...). Cando mo dixerón dixen que vale, que bo, e fun tranquilamente (ninguén me puxo a man enriba e só se enteraron dous presos que estaban na fiestra, que viron como fun tranquilo e polo meu propio pé). Pois ben, agora no parte pónenme que tiveron que reducirme pola forza e

que instiguei motíns e plantes... 5 minutos despois tocaba asemblea cos presos do programa, e se enteraron de que eu estaba en illamento (así que non sei que redución e instigación ao motín puiden facer nunha galería onde todo se escoita porque as celas son automáticas). Quero denunciar como 'presunto prevaricador' a quen redactou tal parte."

Tamén denunciaba a complicidade dos médicos coas torturas: "lémbraste (compañeira) de que me abriron un sumario porque a Guarda Civil votoume espai pementa na sala de urxencias do Hospital Central de Asturias; pois pedín copia non só dese día, senón tamén do día xxx cando rompín o cóbado e o pulso (que todavía non conseguín que me fixeran unha placa del), pois primeiro me dicían que a fotocopiadora estaba estragada e agora estou fiplado porque a copia do día xxx é ilexible e a do día yyy é falsa en todo (...). Por un lado quería denunciar ao médico que dixo que se me podía esposar pois 'só tiña unha contusión no brazo'. E por outro, quero que me presentes denuncia no Xulgado de Guarda contra os Servizos Médicos por falsificar un documento médico coa intención de prevaricar".



A mediados de abril comunicounos que novamente lle aplicaron illamento, procedendo a un cacheo de cela, requisándolle material e cartas persoais, acusándoo de que "era o líder" nunha conspiración contra os cárceres; quixeron asustalo, dicíndolle que recolleran moita información e que a mandaron a Madrid

(táctica de ameaza que se ven repetindo noutros casos).

Días despois, lamentablemente, aparece morto na súa cela de illamento. O versión oficial di que por sobredose de pilulas

Nunca saberemos que pudo pasar en realidade, pero si sabemos que Gaviuto era forte, e que ata o seu último día foi ceibe de espírito, loitando polo seus dereitos viviu moito máis libre que moitas presas en cuarto grao. Ata que foi levado ao illamento, el seguía con ganas de loitar, con dúas denuncias cursadas recentemente, durante os últimos conflitos n'A Lama.

"A dor e o envilecemento das cárceres está más que demostrado. Así como o seu altísimo custo e nulo resultado"

Como feche queremos recuperar un fragmento do comunicado que emitiron el e outras presas en 2002 dende a cárcere de Villabona:

"Hoxe somos moitas as que levantamos o puño e loitamos por vivir con dignidade e por saír así deste camiño de podredume. Pouco a pouco, vaise formando unha conciencia persoal e social do atraso do que son as cárceres como medio de reinserción das persoas presas, e máis cando estas, na súa maioría, son sómentes toxicómanas e enfermas de V.I.H. A dor e envilecemento das cárceres está más que demostrado. Así como o seu altísimo custo e nulo resultado. É hora de mirarnos ao espello, é hora de ser persoas."

NIN F.I.E.S., NIN DISPERSIÓN, NIN ENFERMAS EN PRISIÓN!
CÁRCERES DEMOLICIÓN!

NON FOI UN ACCIDENTE, FOI UN ASASINATO!

GAVIUTO IRMÁN, NÓS NON ESQUECEMOS.

